

2.5 Prazas de touros: aqueles edificios ou recintos específica ou preferentemente construídos para a celebración de espectáculos taurinos.

2.6 Centros de inspección: tal e como se definen no punto 25 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2.7 Centros de corentena: tal e como se definen no punto 26 do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2.8 Puntos de parada: tal e como se definen no Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o transporte.

2.9 Pasteiros: aquelas explotacións que albergan gando de forma permanente ou ocasional para o aproveitamento mediante pastoreo das producións vexetais naturais ou sementadas do terreo.

2.10 Centros de sacrificio domiciliario: aqueles centros establecidos pola autoridade competente onde se sacrifican porcinos para autoconsumo.

#### ANEXO IV

##### Datos mínimos que o titular da explotación deberá facilitar ás autoridades competentes

a) Datos mínimos que deberán facilitarse no caso das explotacións clasificadas, segundo o anexo III, conforme os tipos seguintes:

1. Explotacións gandeiras de produción e reprodución.
  - 2.1 Explotacións de tratantes ou operadores comerciais.
  - 2.2 Centros de concentración de animais.
  - 2.3 Explotacións de ocio, ensino e investigación.
  - 2.9 Pasteiros.

Para estes tipos de explotacións, o seu titular deberá facilitar os datos indicados no punto A. 2, 3 e 5 do anexo II e no punto B.1, 2 e 7 a 14 do anexo II.

b) Datos mínimos que deberán facilitarse no caso das explotacións clasificadas, segundo o anexo III, conforme os tipos seguintes:

- 2.4 Matadoiros.
- 2.5 Prazas de touros.
- 2.6 Centros de inspección.
- 2.7 Centros de corentena.
- 2.8 Puntos de parada.
- 2.10 Centros de sacrificio domiciliario.

Para estes tipos de explotacións, o seu titular deberá facilitar os datos indicados no punto A.2, 3 e 5 do anexo II e no punto B.1 e 2 do anexo II.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**6427** *ORDE PRE/935/2004, do 6 de abril, pola que se modifican os anexos II dos reais decretos 280/1994, do 18 de febreiro, e 569/1990, do 27 de abril, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e animal. («BOE» 89, do 13-4-2004.)*

Os límites máximos de residuos de praguicidas regúlanse, para os produtos de orixe vexetal e animal, polo Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que

se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, modificado por última vez polo Real decreto 198/2000, do 11 de febreiro, e polo Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos de orixe animal, modificado por última vez polo Real decreto 1800/1999, do 26 de novembro, respectivamente. Así mesmo, de conformidade coas disposicións derradeiras primeiras de ambos os reais decretos, os anexos foron sucesivamente actualizados.

A Directiva 2004/2/CE, da Comisión, do 9 de xaneiro de 2004, fixou novos límites máximos de residuos de fenamifos en determinados produtos de orixe vexetal, incluídas as froitas e hortalizas, en cereais e nos produtos alimenticios de orixe animal, por modificación dos anexos das directivas 86/362/CEE, 86/363/CEE e 90/642/CEE, do Consello.

Por outro lado, a corrección de erros da Directiva 2003/60/CE da Comisión, do 18 de xuño de 2003, publicada no Diario Oficial da Unión Europea do 21 de xaneiro de 2004, motivou a necesidade de modificar os límites máximos de residuos establecidos no anexo I da Orde PRE/3058/2003 para a substancia activa dicuat. Os erros detectados nas substancias activas famoxadona e iprovalicarb xa foran corrixidos na Orde PRE/3058/2003.

Atendendo á necesidade de incorporar ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/2/CE e adaptar as correccións da Directiva 2003/60/CE, modifícase, por un lado, o anexo II do Real decreto 280/1994, conforme o establecido na súa disposición derradeira primeira, unha vez elevada, pola Comisión Conxunta de Residuos de Produtos Fitosanitarios aos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo a oportuna proposta de modificación. Así mesmo, modifícase o anexo II, do Real decreto 569/1990, de conformidade coa súa disposición derradeira primeira na redacción dada polo Real decreto 2460/1996, do 2 de decembro.

No procedemento de elaboración das disposicións afectadas foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, despois do informe favorable da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, por proposta conxunta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

*Artigo primeiro. Modificación do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro.*

Modifícase o anexo II do Real decreto 280/1994, coa substitución dos límites máximos de residuos que nel figuran para as substancias activas dicuat e fenamifos, que figuran no anexo I desta orde.

*Artigo segundo. Modificación do Real decreto 569/1990, do 27 de abril.*

Modifícase a parte B do anexo II do Real decreto 569/1990, do 27 de abril, coa inclusión dos límites máximos de residuos de praguicidas para a substancia activa fenamifos, que figuran no anexo II desta orde.

*Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup>, da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, excepto para a substancia activa fenamifos, que entrará en vigor o 1 de agosto de 2004.

Madrid, 6 de abril de 2004.

**ARENAS BOCANEGRA**

Excmo. Sr. Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación  
e Excmo. Sra. Ministra de Sanidade e Consumo.

### **ANEXO I**

A información contida neste anexo está agrupada por substancias activas, figurando para cada unha delas unha ficha en cuxo encabezamento aparece o seu nome común ou denominación oficial e a definición do residuo,

tal como corresponde no índice do anexo II do Real decreto 280/1994.

Os valores dos límites máximos de residuos (LMR) fixados para cada produto vexetal ou para cada grupo de produtos vexetais aparecen ordenados en tres columnas segundo a orde con que figuran no anexo I do Real decreto 280/1994.

Ao pé da ficha correspondente a cada substancia activa figuran as notas explicativas das indicacións ou marcas con que aparecen sinalados os nomes ou valores de LMR que contén.

De conformidade co establecido no anexo I do Real decreto 280/1994 e no número 3 do seu artigo 4, modificado polo Real decreto 198/2000, nas epígrafes «8. Especies» e «12. Varios» das fichas que conteñen os LMR de cada substancia activa só aparecerán os valores dos LMR fixados especificamente para os produtos transformados e quedarán en branco nos demais casos.

## Nome común: DICUAT (1) (2)

## Definición do residuo: Dicuat

Produtos vexetais	LMR (mg/kg)	Produtos vexetais	LMR (mg/kg)	Produtos vexetais	LMR (mg/kg)
1. Froitas frescas, desecadas ou sen cocer; conxeladas e sen adición de azucre; froitos de casca; nozes	0,05* (p)	Perexil Ravos Barbas cabreiras Nabicoles Nabos Outros		(viii) FUNGOS E COGOMELOS Cogomelos cultivados Cogomelos silvestres	
(i) CÍTRICOS Pomelos Limóns Limas Mandarinas (incluídas as clementinas e híbridos similares) Laranxas Toranxas Outros		b) <u>Tubérculos</u> Tupinambos Batatas Inames Outros		3. Legumes Feixóns Lentellas Chicharos Garavanzos Outros	0,20 (p) 0,20 (p) 0,05* (p)
(ii) FROITOS CON OU SEN CASCA Améndoas Noces do Brasil Castañas de caxú Castañas Cocos Abelás Noces de macadamia Pecáns Piñóns Pistachos Noces comúns Outros		(ii) BULBOS Allos Cebolas Chalotas Cebolotas Outros		4. Sementes oleaxinosas e outras (i) SEMENTES OLEAXINOSAS Sementes de liño Cacahuetes Sementes de dormideira Sementes de sésamo Sementes de xirasol Sementes de colza Grans de soia Mostaza Sementes de algodón Outros	5,00 (p) 0,50 (p) 0,10* (p) 0,10*
(iii) FROITOS DE PEBIDA Mazás Peras Marmelos Néspers Outros		(iii) FROITOS E PEPÓNIDES a) <u>Solanáceas</u> Tomates Pementos Berenxenas Outros		(ii) OUTRAS SEMENTES DE CONSUMO Cacao en gran Café en gran Noz de cola	0,05* (p)
(iv) FROITOS DE CARABUÑA Albaricoques Cereixas Pexegos (incluídas as nectarinas e híbridos similares) Ameixas Outros		b) <u>Cucurbitáceas de pel comestible</u> Cogombros Cogombriños Cabaciñas Outros		5. Patacas Patacas de cedo Patacas para almacenar	0,05* (p)
(v) BAGAS E FROITAS PEQUENAS a) <u>Uvas de mesa e de vinificación</u> Uvas de mesa Uvas de vinificación b) <u>Amorodos</u> (distintos dos silvestres) c) <u>Froitas de espaller</u> (distintas das silvestres) Amoras Amoras árticas Amoras-framboesas Framboesas Outros d) <u>Outras bagas e froitas pequenas</u> (distintas das silvestres) Mirtilos Arandos Grosellas Grosellas de espiñas Outros e) <u>Bagas e froitas silvestres</u>		c) <u>Cucurbitáceas de pel non comestible</u> Melóns Cabazas Sandías Outros d) <u>Millo doce</u>		6. Té e outras infusións (i) TÉ (follas e talos desecados, fermentados ou non, de <i>Camelia sinensis</i> ) (ii) OUTRAS INFUSIÓNNS	0,10* (p) 0,10*
(vi) OUTRAS FROITAS Aguacates Plátanos Dátiles Figos Kiwis Kumquats Lichis Mangas Olivas Maracuxás Ananás Granadas Chirimoiás Outros		(iv) HORTALIZAS DO XÉNERO BRASSICA a) <u>Inflorescencias</u> Brócolis Coliflores Outros b) <u>Repolos</u> Coles de Bruxelas Repolos Outros c) <u>Follas</u> Coles de China Verzas Outros d) <u>Colirravos</u>		7. Lúpulos (desecados), incluídos os granulados de lúpulo e o po non concentrado	0,10* (p)
2. Hortalizas frescas ou sen cocer, conxeladas ou desecadas	0,05* (p)	(v) HORTALIZAS DE FOLLA E HERBAS AROMÁTICAS FRESCAS a) <u>Leitugas e similares</u> Agróns Valerianela Leitugas Escarolas Outros b) <u>Espinacas e similares</u> Acelgas c) <u>Agróns de auga</u> d) <u>Endivias</u> e) <u>Herbas aromáticas</u> Cerefolio Ceboliño Perexil Follas de apio Outros		8. Especies 9. Cereais Trigo Centeo Cebada Avea Triticale Arroz Millo Millo miúdo Outros	10,00 (p) 2,00 (p) 1,00 (p) 1,00 (p) 0,05* (p)
(i) RAÍCES E TUBÉRCULOS a) <u>Raíces</u> Remolacha Cenoiras Apiorravos Ravos rusticanos Charouvías		(vi) LEGUMINOSAS VERDES (frescas) Feixóns (con casulo) Feixóns (sen casulo) Chicharos (con casulo) Chicharos (sen casulo) Outros		10. Outros produtos de consumo Tabaco Remolacha azucreira Cana de azucre Outros	0,05*
		(vii) TALOS TENROS Espárragos Cardos comestibles Apios Fiunchos Alcachofas Allos porros Ruibarbo Borraxe Outros		11. Forraxes e pallas Alfalfa e outras leguminosas Millo e sorgo forraxeiros Forraxe de gramineas Follas e coroas de remolacha Palla de cereais Palla de legumes Outros	0,05*
				12. Varios (i) PRODUTOS DESECADOS Uvas pasas Ameixas secas Figos secos Pexegos secos Albaricoques secos Dátiles secos Pementos Tomates Outros	

(\*) Indica o límite de determinación analítico.

(1) Substancia activa incluída no anexo II das directivas 90/642/CEE e 86/362/CEE.

(2) Os valores que aparecen subliñados na lista corresponden aos LMR comunitarios, polo que se encontran en vigor en todos os países da Unión Europea.

(p) Límite máximo de residuos provisorio establecido de conformidade coa alínea f) do número 1 do artigo 4 da Directiva 91/414/CEE. Salvo que se modifique, este límite pasará a ser definitivo o 14 de xullo de 2007.

a

Nome común: FENAMIFOS

Definición do residuo: Suma de fenamifos, o seu sulfóxido e a súa sulfona expresada como fenamifos

Produtos vexetais	LMR (mg/kg)	Produtos vexetais	LMR (mg/kg)	Produtos vexetais	LMR (mg/kg)
<b>1. Froitas frescas, desecadas ou sen cocer; conxeladas e sen adición de azucre; froitos de casca; noces</b>		Perexil		(viii) FUNGOS E COGOMELOS	<u>0,02*</u>
(i) CÍTRICOS	<u>0,02*</u>	Ravos		Cogomelos cultivados	
Pomelos		Barbas cabreiras		Cogomelos silvestres	
Limóns		Nabicoles		<b>3. Legumes</b>	<u>0,02*</u>
Limas		Nabos	<u>0,02*</u>	Feixóns	
Mandarinas (incluídas as clementinas e híbridos similares)		Outros	<u>0,02*</u>	Lentellas	
Laranxas		b) <u>Tubérculos</u>		Chicharos	
Toranxas		Tupinambos		Garavanzos	
Outros		Batatas		Outros	
(ii) FROITOS CON OU SEN CASCA	<u>0,02*</u>	Iñames		<b>4. Sementes oleaxinosas e outras</b>	
Améndoas		Outros	<u>0,02*</u>	(i) SEMENTES OLEAXINOSAS	<u>0,05*</u>
Noces do Brasil		(ii) BULBOS		Sementes de liño	
Castañas de caxú		Allos		Cacahuetes	
Castañas		Cebolas		Sementes de dormideira	
Cocos		Chalotas		Sementes de sésamo	
Abelás		Cebolotas		Sementes de xirasol	
Noces de macadamia		Outros		Sementes de colza	
Pecáns		(iii) FROITOS E PEPÓNIDES		Grans de soia	
Piñóns		a) <u>Solanáceas</u>		Mostaza	
Pistachos		Tomates	<u>0,05</u>	Sementes de algodón	
Noces comúns		Pementos	<u>0,10</u>	Outros	
Outros		Berenxenas	<u>0,05</u>	(ii) OUTRAS SEMENTES DE CONSUMO	<u>0,05*</u>
(iii) FROITOS DE PEBIDA	<u>0,02*</u>	Outros	<u>0,02*</u>	Cacao en gran	
Mazás		b) <u>Cucurbitáceas de pel comestible</u>		Café en gran	
Peras		Cogombros	<u>0,05</u>	Noz de cola	
Marmelos		Cogombrifos		<b>5. Patacas</b>	<u>0,02*</u>
Néspersas		Cabaciñas	<u>0,05</u>	Patacas de cedo	
Outros		Outros	<u>0,02*</u>	Patacas para almacenar	
(iv) FROITOS DE CARABUÑA	<u>0,02*</u>	c) <u>Cucurbitáceas de pel non comestible</u>		<b>6. Té e outras infusións</b>	
Albaricoques		Melóns	<u>0,05</u>	(i) TÉ (follas e talos desecados, fermentados ou non, de	<u>0,05*</u>
Cereixas		Cabazas		Camelia sinensis)	
Pexegos (incluídas as nectarinas e híbridos similares)		Sandías	<u>0,05</u>	(ii) OUTRAS INFUSIÓN	<u>0,05*</u>
Ameixas		Outros	<u>0,02*</u>	<b>7. Lúpulos (desecados), incluídos os granulados de</b>	<u>0,05*</u>
Outros		d) <u>Millo doce</u>		lúpulo e o po non concentrado	
(v) BAGAS E FROITAS PEQUENAS	<u>0,02*</u>	(iv) HORTALIZAS DO XÉNERO BRASSICA		<b>8. Especies</b>	
a) <u>Uvas de mesa e de vinificación</u>		a) <u>Inflorescencias</u>		<b>9. Cereais</b>	<u>0,02*</u>
Uvas de mesa		Brócolis	<u>0,02*</u>	Trigo	
Uvas de vinificación		Coliflores		Centeo	
b) <u>Amorodos</u> (distintos dos silvestres)		Outros		Cebada	
c) <u>Froitas de espaller</u> (distintas das silvestres)		(v) HORTALIZAS DE FOLLA E HERBAS AROMÁTICAS FRESCAS		Avea	
Amoras		a) <u>Leitugas e similares</u>		Triticale	
Amoras árticas		Agróns	<u>0,02*</u>	Arroz	
Amoras-framboesas		Valeriana		Millo	
Framboesas		Leitugas		Sorgo-gran	
Outros		Escarolas		Outros	
d) <u>Outras bagas e froitas pequenas</u> (distintas das silvestres)		Outros		<b>10. Outros produtos de consumo</b>	
Mirtilos		b) <u>Espinacas e similares</u>		Tabaco	
Arandos		Acelgas		Remolacha azucreira	<u>0,05</u>
Grosellas		c) <u>Agróns de auga</u>		Cana de azucre	
Grosellas de espiñas		d) <u>Endivias</u>		Outros	<u>0,02*</u>
Outros		e) <u>Herbas aromáticas</u>		<b>11. Forraxes e pallas</b>	<u>0,02*</u>
e) <u>Bagas e froitas silvestres</u>		Cerefolio		Alfalfa e outras leguminosas	
(vi) OUTRAS FROITAS		Ceboliño		Millo e sorgo forraxeiros	
Aguacates		Perexil		Forraxe de gramíneas	
Plátanos	<u>0,05</u>	Follas de apio		Follas e coroas de remolacha	
Dátiles		Outros		Palla de cereais	
Figos		(vi) LEGUMINOSAS VERDES (frescas)	<u>0,02*</u>	Palla de legumes	
Kiwis		Feixóns (con casulo)		Outros	
Kumquats		Feixóns (sen casulo)		<b>12. Varios</b>	
Lichis		Chicharos (con casulo)		(i) PRODUCTOS DESECADOS	
Mangas		Chicharos (sen casulo)		Uvas pasas	
Olivas		Outros		Ameixas secas	
Maracuxás		(vii) TALOS TENROS	<u>0,02*</u>	Figos secos	
Ananás		Espárragos		Pexegos secos	
Granadas		Cardos comestibles		Albaricoques secos	
Chirimoiás		Apios		Dátiles secos	
Outros	<u>0,02*</u>	Fiunchos		Pementos	
<b>2. Hortalizas frescas ou sen cocer, conxeladas ou desecadas</b>		Alcachofas		Tomates	
(i) RAÍCES E TUBÉRCULOS		Allos porros		Outros	
a) <u>Raíces</u>		Ruibarbo			
Remolacha		Borraxe			
Cenoiras	<u>0,50</u>	Outros			
Apiorravos					
Ravos rusticanos					
Charouviás					

(\*) Indica o límite de determinación analítico.

(1) Substancia activa incluída no anexo II das directivas 90/642/CEE e 86/362/CEE.

(2) Os valores que aparecen subliñados na lista corresponden aos LMR comunitarios, polo que se encontran en vigor en todos os países da Unión Europea.

## ANEXO II

Residuos de praguicidas	Límites máximos en mg/kg		
	Na carne, preparados de carnes, miúdos e graxas animais que figuran no anexo I dentro dos códigos NC 0201, 0202, 0203, 0204, 0205 00 00, 0206, 0207, ex 0208, 0209 00, 0210, 1601 00 e 1602	No leite e os produtos lácteos que figuran no anexo I dentro dos códigos NC 0401, 0402, 0405 00 e 0406	Nos ovos frescos sen casca, ovos de aves e xemas de ovo que figuran no anexo I nos códigos NC 0407 00 e 0408
Fenamifos (suma de fenamifos, o seu sulfóxido e sulfona, expresada como fenamifos) .....	0,01 (*)	0,005 (*)	0,01 (*)

(\*) Indica o limiar de determinación analítica.